

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 19 de xullo de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D^a. Ana Laura Iglesias González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día dezanove de xullo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(747).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(748).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A. EXPTE11125/101.

Dáse conta da proposta da Alcaldía-Presidencia de data 19/07/2016:

“O PCAP do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, prevé na súa cláusula 20.5 que:

“O Concello de Vigo, a través da súa Xunta de Voceiros, designará a un representante ou delegado por cada tres membros ou infracción que formen parte do Consello de Administración que deberán reunir a condición de corporativo municipal e terán dereito a asistir ás reunións do Consello de Administración, sen ostentar a condición de conselleiro. Serán convocados ás reunións do Consello nos mesmos termos que os propios conselleiros e terán, agás o de voto, os mesmos dereitos que os membros do Consello podendo asistir ás sesións acompañados polos asesores que estime oportunos. Ditos representantes terán acceso á documentación da sociedade, incluídos os libros de actas, libros e documentación contable e financeira, contractual, ou técnica, contando para iso coa colaboración do persoal da sociedade Concesionaria”.

É o caso que, tendo decaído na súa condición de representante municipal no devandito Consello dona Yolanda Veloso Ríos, ao perder esta a súa condición de concelleira, procede nomear un novo representante en substitución da mesma, correspondendo na actualidade designar aos representantes municipais nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, sexa cal sea a súa natureza, nos que o Concello sexa partícipe a Xunta de Goberno Local (artigo 127.1. m LRBRL).

Polo exposto e habida conta a vinculación do concelleiro delegado de Fomento don David Regades Fernández cos asuntos relativos ao devandito contrato de concesión de obra pública, propónse á Xunta de Goberno Local o nomeamento deste en substitución de dona Yolanda Veloso Ríos, como representante do Concello de Vigo no Consello de Administración da mercantil Pazo de Congresos de Vigo, S.A.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta de data 19/07/2016, da Alcaldía Presidencia.

3(749).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO ESPECTÁCULO “LA NOCHE MOVIDA”, NO AUDITORIO DE CASTRELOS, PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2016. EXPTE. 6551/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/07/196, dáse conta do informe-proposta do 19/07/16, da xefa do servizo de Contratación-secretaría da Mesa de Contratación, asinado así mesmo pola xefa do servizo de Festas e pola concelleira-delegada de Festas, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP) no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*

- *Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo “LA NOCHE MOVIDA” no Auditorio de Castrelos(PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas particulares que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo “LA NOCHE MOVIDA” no Auditorio de Castrelos (PPT).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En sesión de 8 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística do espectáculo LA NOCHE MOVIDA que inclúe a actuación dos artistas Jaime Urrutia, Pablo Carbonell, Coti, Javier Gurruchaga, Nacho Campillo, Nacho Vega e Alejo Stivel do Auditorio de Castrelos o día 22 de xullo (expte:6551/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 27 de xuño de 2016, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 23 de xuño DE 2016.

Segundo .- Autorizar un gasto por importe total de 48.400,00 € co ivo incluído con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa DALE A LA DANZA, S.L. CIF. B-85169589 como empresa autorizada en exclusiva para o espectáculo LA NOCHE MOVIDA no Auditorio de Castrelos o día 22 de xullo de 2016 ás 22,30 horas, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.500 entradas a uns prezos de 8 euros (venda anticipada) e 10 € (en taquilla).

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.”

Segundo.- En data 12 de xullo de 2016 o servizo de contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento á mercantil DALE A LA DANZA, S.L., titular dos dereitos de exclusiva do grupo AURYN, concedéndolle un prazo de 5 días para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- En data 15 de xullo de 2016 DALE A LA DANZA, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 18 de xullo de 2016, reunidas na oficina de contratación a xefa do servizo de Festas, Dña. Luz González Domínguez e a xefa do servizo de Contratación, Dña. Beatriz Barbará Rodríguez, se procedeu a apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar. En primeiro lugar se cualificou a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión “Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7ª.2 e 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se acorda a admitir a DALE A LA DANZA, S.L., no presente procedemento.”

A continuación se procedeu a apertura do "SOBRE B: PROPOSICIÓN TECNICA E ECONOMICA", dándosele traslado da documentación ó servizo xestor para comprobar se a proposta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación e a procedencia ou non de adxudicar o contrato ó licitador, conforme ó disposto na cláusula 10ª do PCAP".

Quinto.- En data 18 de xullo de 2016, en informe da xefa do servizo de Festas, se manifesta que "Revisada a documentación, informase que o "rider" técnico axústase ao estipulado no prego de prescricións técnicas particulares do expediente que recollen as necesidades da actuación do espectáculo "LA NOCHE MOVIDA" e do seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo.

En canto a proposta económica presentada por DALE A LA DANZA, S.L. CIF. B-85169589, o prezo ofertado axústase ao establecido na cláusula quinta das PCAP que fixa un prezo por un importe total de 48.400,00 € co iva incluido."

Sexto.- En data 18 de xullo de 2016, o servizo de contratación comunicou ó licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días para a reformulación da súa oferta ou a ratificación da mesma sendo o único aspecto obxecto de negociación o prezo do contrato, segundo a cláusula 10ª do PCAP.

Sétimo.- En data 19 de xullo de 2016, Dna. Carlota Carballal Ojea, en nome e representación de DALE A LA DANZA, S.L., representación que consta acreditada no expediente, se ratificou no prezo ofertado.

Oitavo.- En data 19 de xullo de 2016, a xefa do servizo de Festas, á vista do actuado, propón que o órgano de contratación realice a clasificación neste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, no presente caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de acharse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a tenor do disposto na cláusula 13ª do PCAP. Así mesmo, o servizo de contratación solicitou de oficio o certificado de non ter débedas coa

Administración municipal. Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do presente contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación nos remitimos ó informe da xefa do servizo de Festas, de data 18 de xullo de 2016, de valoración da oferta técnica e económica de DALE A LA DANZA, S.L., no que manifesta que esta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo “LA NOCHE MOVIDA” no Auditorio de Castrelos (expediente 6551-335) no seguinte orde decrecente:

1. DALE A LA DANZA, S.L.

2º.- Adxudicar a DALE A LA DANZA, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do espectáculo “LA NOCHE MOVIDA” no Auditorio de Castrelos (expediente 6551-335) por un prezo total de 48.400 euros, sendo a cota correspondente o IVE de 8.400 euros.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(750).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE SEIS SUBALTERNOS POR UN PRAZO DE SEIS MESES.EXPTE. 28364/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/07/16, dáse conta do informe-proposta do 18/07/16, da técnica de Admon. Xeral de RR HH, conformado pola titular da Asesoría Xurídica e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES

I. Mediante escrito da xefa de Conserxería accidental, coa conformidade da xefa de Área de Réxime Interior de data 25/05/2016, manifesta a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de cinco subalternos/as por mor da situación existente no Servizo pola escaseza de efectivos existentes no mesmo para cubrir os servizos nos distintos edificios municipais (Casa do Concello, edificio do Reitorado, etc), debido o incremento de actividades experimentado nos mesmos, agravado polas baixas de enfermidade de longa duración coas que conta na actualidade, as sete prazas vacantes por xubilación existentes no mesmo e, o inmediato comezo do período vacacional do persoal adscrito ao Servizo. Así mesmo solicítase dotar de persoal subalterno aos servizos de Bibliotecas, Benestar Social e Participación Cidadá que reiteradamente demandan persoal para garantir a debida atención aos cidadáns.

Así mesmo, mediante escrito do Xefe de Participación Cidadá, conformado polo concelleiro delegado de Participación Cidadá do 13/06/2016, solicítase a necesaria adscrición dun ordenanza para desenvolver as labores conforme á súa categoría profesional no edificio municipal de nova construción na rúa Fotógrafo Luis Ksado.

II. En atención a dito escrito o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucións de servizo de datas 06 de xullo actual, prestou conformidade ás propostas referidas, autorizando o urxente nomeamento interino de seis subalternos/as por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d), do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

III. En cumprimento do ordenado, con datas 12/07/2016 e 14/07/2016, o técnico de Organización e Planificación de RRHH, formula a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso posto Cód. 155, Ordenanza-porteiro/a, sendo adscritos ao Servizo de Conserxería (cód. 201), Bibliotecas (cód.334), Benestar Social (cód. 301) e Participación Cidadá (cód. 320), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do EBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, dacordo co informe do técnico de Organización e Planificación de data 14/07/2016 a xornada desenvolverase preferentemente de luns a sábado, en horario de mañá e tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo constan nos escritos da xefa de Conserxería accidental, coa conformidade da xefa de Área de Réxime Interior de data 25/05/2016, e no do Xefe de Participación Cidadá, conformado polo concelleiro delegado de Participación Cidadá do 13/06/2016, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 06/07/2016, no que se

ordena o inicio do presente expediente e no informe do técnico de Organización e Planificación de RRHH do 14/07/2016, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, dacordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expte. 27576/220) a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación destes servizos coma prioritarios no Concello, ao tratarse, como acontece no caso dos Servizos de Conserxería (dependente da Área de Réxime Interior) da prestación dun servizo público interno, de carácter transversal, que vai permitir a atención dos edificios municipais, tratándose de tarefas imprescindibles para o normal desenvolvemento das actividades do Concello e a conseguinte información e atención aos cidadáns. Tal e como afirma o técnico de Organización e Planificación no seu informe, no caso dos servizos de Participación Cidadá e Bibliotecas, a prestación do servizo permite manter a actividade das bibliotecas e do Centro sociocultural, implicando a vixilancia dos mesmos e control dos seus accesos, tratándose de tarefas imprescindibles para o normal desenvolvemento das súas actividades e a conseguinte información e atención aos cidadáns nas súas instalacións, sendo as súas funcións as previstas na guía de funcións do posto de subalterno, e as previstas no artigo 169.1.e) do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, considerándose a prestación destes Servizos como prioritarios.

III. Proposta de gasto:

Dacordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de seis subalternos/as para os Servizos de Conserxería, Benestar social, Bibliotecas e Participación Cidadá, supón un gasto de 62.872,92€, ao que haberá que engadir a cantidade de 20.355,06€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do

12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.”

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados putualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: “VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”, a contar dende a data de adopción do referido acordo.

Segundo consta no informe do técnico de Organización e Planificación de data 14/07/2016, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de once prazas de Subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro seguinte, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do TREBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos que obran neste Área, corresponde o nomeamento como subalternos/as das aspirantes que figura nas posicións núms. 8-MARÍA JESÚS DAVILA MOLDES, con DNI 36.087.427-J, 9- MARÍA ARÁNZAZU LORENZO RAMÍREZ, con DNI 36.101.602-C, 34- PATRICIA ROMERO GIL-DELGADO, con DNI 36.048.450-K, 41- OSCAR RODRÍGUEZ LÓPEZ con DNI 36.133.892-H, 42-LAURA DURO DE LA FUENTE, con DNI 76.872.462-E e, 17-PAULA ABILLEIRA PIÑEIRO, con DNI 35.323.2454-Y, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Área de Recursos Humanos e Formación todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da titular da Asesoría Xurídica e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia dos nomeamentos de 6 Subalternos/as, como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas ao abeiro do disposto no artigo 10.1.d) do EBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contida no escrito de 25/05/2016 da xefa de Conserxería accidental, coa conformidade da xefa de Área de Réxime Interior e no escrito do Xefe de Participación Cidadá, conformado polo concelleiro delegado de Participación Cidadá do 13/06/2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 62.872,92€, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos nos informes técnicos, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, de conformidade co informe do técnico de Organización e Planificación de data 14/07/2016, como subalternos/as os/as aspirantes que figuran nas posicións 8-MARÍA JESÚS DAVILA MOLDES, con DNI 36.087.427-J, 9- MARÍA ARÁNZAZU LORENZO RAMÍREZ, con DNI 36.101.602-C, 34- PATRICIA ROMERO GIL-DELGADO, con DNI 36.048.450-K, 41- OSCAR RODRÍGUEZ LÓPEZ con DNI 36.133.892-H, 42-LAURA DURO DE LA FUENTE, con DNI 76.872.462-E e, 17-PAULA ABILLEIRA PIÑEIRO, con DNI 35.323.2454-Y, na súa condición de seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalternos, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, Ordenanza-porteiro/a, respectivamente, sendo adscritas ao Servizo de Conserxería (cód. 201), Bibliotecas (cód. 334), Benestar Social (cód. 301) e Participación Cidadá (cód. 320), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das traballadores/as nomeados/as desenvolverase de luns a sábado, en horario de mañá e tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantindo os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao/a/s aspirante/s nomeado/s, ao servizo de Conserxería, á xefa de Área de Réxime Interior, á Intervención Xeral, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de

1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(751).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE LABORATORIO E DUN/DUNHA DIPLOMADO/A EN ENFERMERÍA POR UN PERÍODO MÁXIMO DUN MES E MEDIO. EXPTE. 28377/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/07/16, dáse conta do informe-proposta do 19/07/16, da técnica de Admon. Xeral de RR HH, conformado pola titular da Asesoría Xurídica e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES

I. Mediante escrito de data 07/06/2016 do director da Unidade Asistencial de Drogodependentes, CEDRO, coa conformidade do xefe de Área de Política de Benestar e do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, por delegación das funcións da concelleira delegada da Área de Política de Benestar, solicítase o nomeamento interino por acumulación de tarefas, dun/dunha auxiliar de laboratorio por un período de dous meses, para cubrir os períodos vacacionais das dúas auxiliares de laboratorio adscritas ao Servizo e, dun/dunha enfermeiro/a por un período dun mes e medio, que garanta a correcta prestación do servizo de atención aos usuarios.

En relación a este persoal, infórmase que as funcións desempeñadas polas traballadoras a substituír son as de atención aos usuarios para dispensa de medicación oral, baixo a supervisión do persoal de enfermería e da farmacéutica do Centro, a recollida e manipulación de mostras para realizar análise de ouriños, e outras tarefas relacionadas cos coidados auxiliares a pacientes no contexto dun equipo de enfermería.

II. En atención a dito escrito o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 12/07/2016, prestou conformidade á proposta referida, dispoñendo que pola Área de Recursos Humanos e Formacion deberá iniciarse o expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun Analista de Laboratorio por un período máximo de dous meses e a un/unha Diplomado/a en Enfermería por un período de un mes e medio, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.d), do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

III. En cumprimento do ordenado, con datas 18/07/2016, o técnico de Organización e Planificación de RRHH, formula a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real

Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso posto Cód. 141-Auxiliar de Laboratorio e 85-Diplomado/a en Enfermería 155, sendo adscritas á Unidade Asistencial de Drogodependentes- CEDRO, pertencente ao Servizo de Benestar Social (cód. 301), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do EBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de

execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, dacordo co informe do técnico de Organización e Planificación de data 18/07/2016 a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-, con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, se por requirimento do servizo fose necesario, segundo as necesidades do Servizo, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo constan no escrito de data 07/06/2016 do director da Unidade Asistencial de Drogodependentes, CEDRO, coa conformidade do xefe de Área de Política de Benestar e do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, por delegación das funcións da concelleira delegada da Área de Política de Benestar, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 12/07/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do técnico de Organización e Planificación de RRHH do 18/07/2016, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, dacordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expte. 27576/220) a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación do servizo da Unidade Asistencial a Drogodependentes-CEDRO como obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, sendo así mesmo un servizo de continuidade por estar establecido anteriormente, polo que se informa favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

Dacordo co informe do técnico de Organización e Planificación de data 18/07/2016 os nomeamentos propostos xustifícanse polo propio carácter social da prestación do servizo e a presión asistencial ao que está sometido o mesmo, posto que a toma dos opiáceos substitutivos son necesariamente diarias e presenciais e afectan aproximadamente a uns 1.400 pacientes diarios.

A este respecto, manifesta que a prestación desta Área ven levándose a cabo dende o ano 2009, materializándose coa tramitación, entre outros, dos expedientes núms. 19146/220, 19790/220, 22239/220 , 24250/220, 25440/220 e, 26767/220.

III. Proposta de gasto:

Dacordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos dunha auxiliar de laboratorio e dunha diplomada en enfermería, por un período máximo de dous meses e dun mes e medio, respectivamente, adscritos á Unidade Asistencial de Drogodependentes, CEDRO, supón un gasto de 8.767,06€, ao que haberá que engadir a cantidade de 2.871,19€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados putualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo.

Segundo consta no informe do técnico de Organización e Planificación de data 18/07/2016, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 19 de abril de 2010, aprobou unhas bases de selección das que resultaron unhas listas de substitucións aos efectos de poder ser eventualmente contratados/as ou nomeados por acumulación de tarefas para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril seguinte), e a normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente na materia.

Segundo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como auxiliar de laboratorio da aspirante D^a. LUCIA PÉREZ ÁLVAREZ, con DNI 36.169.596-A, que a través de escrito de data 14 de xullo actual, aceptou expresamente o mesmo.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22 de febreiro de 2013, aprobou as bases reitoras para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos como Diplomados en enfermería previstos no artigo 10.1 do TREBEP. Unha vez executado o proceso selectivo resultaron aptas un total de nove aspirantes, segundo a acta do Órgano de Selección de 2 de xullo de 2013 que obra no expediente.

Segundo estritamente a orde da lista a que se refire o anterior parágrafo e, consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como Diplomada en Enfermería da aspirante que figura no quinto lugar D^a. SIRA MARÍA SEIJAS FERNÁNDEZ, con DNI 36.152.811-P, que a través de escrito de data 14 de xullo actual, aceptou expresamente o

mesmo, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da titular da Asesoría Xurídica e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia dos nomeamentos dunha auxiliar de laboratorio e dunha diplomada en enfermería, como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas ao abeiro do disposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de dous meses e dun mes e medio, respectivamente, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Unidade Asistencial de Drogodependentes, CEDRO, contida no escrito de data 07/06/2016 do director da Unidade Asistencial de Drogodependentes, CEDRO, coa conformidade do xefe de Área de Política de Benestar e do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, por delegación das funcións da concelleira delegada da Área de Política de Benestar e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 8.767,06€, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos nos informes técnicos, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de dous meses, de conformidade co informe do técnico de Organización e Planificación de data 18/07/2016, como auxiliar de laboratorio á aspirante D^a. LUCIA PÉREZ ÁLVAREZ, con DNI 36.169.596-A, na súa condición de seguinte aspirante que superou todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de auxiliares de laboratorio segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 19 de abril de 2010, das que resultaron unhas listas de substitucións aos efectos de poder ser eventualmente contratados/as ou nomeados por acumulación de tarefas para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril seguinte), e a normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente na materia.

TERCEIRO: Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de mes e medio, de conformidade co informe do técnico de Organización e Planificación de data 18/07/2016, como Diplomada en Enfermería á aspirante que figura no quinto lugar da lista, D^a. SIRA MARÍA SEIJAS FERNÁNDEZ, con DNI 36.152.811-P, na súa condición de seguinte aspirante que superou todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de diplomados/as en enfermería segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22 de febreiro de 2013, para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos como Diplomados en enfermería previstos no artigo 10.1 do TREBEP.

CUARTO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os dous meses e o mes e medio, respectivamente, dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 141-Auxiliar de Laboratorio e 85-Diplomado/a en Enfermería 155, sendo adscritas á Unidade Asistencial de Drogodependentes, CEDRO, pertencente ao Servizo de Benestar Social (cód. 301), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

QUINTO: Establecer que a xornada laboral das traballadoras nomeadas, dacordo co informe do técnico de Organización e Planificación de data 18/07/2016, desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-, con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, se por requirimento do servizo fose necesario, garantindo os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

SEXTO: Notificar o presente acordo ao/a/s aspirante/s nomeado/s, ao servizo de Benestar Social, á Intervención Xeral, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(752).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CINCO OFICIAIS SEPULTUREIROS POR UN PRAZO DE SEIS MESES. EXPTE. 28380/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/07/16, dáse conta do informe-proposta do 18/07/16, da técnica de Admon. Xeral de RR HH, conformado pola titular da Asesoría Xurídica e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES

I. Mediante escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, co conforme da concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable de data 12/07/2016, solicítase que se proceda á cobertura urxente de cinco prazas vacantes de

oficiais sepultureiros, pola escaseza de recursos humanos existentes no Departamento para cubrir os servizos nos oito cemiterios municipais, a fin de garantir o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas, atendendo á totalidade dos oito cemiterios municipais, dado que a situación se viu agravada polas baixas por enfermidade, sumadas ás horas de representación sindicais das que gozan varios efectivos adscritos, a minoración dunha praza que se adscribiu a outro servizo consecuencia da adaptación de funcións en aplicación da Lei de Prevención de Riscos Laborais e ao inicio do período vacacional.

II. En atención a dito escrito e ao efecto de cubrir as necesidades de persoal do servizo, agravado polo inicio do período vacacional dos empregados no mesmo, mediante instrución de servizo de data 12/07/2016, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local, de cinco Oficiais Sepultureiros/as por un período máximo de seis meses, segundo o disposto no art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

III. En cumprimento do ordenado, con data 15/07/2016, o técnico de Organización e Planificación de RRHH, formula a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, adscrito a Cemiterios cód. 303) da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na

súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo e de acordo co informe do técnico de Organización e Planificación, a xornada desenvolverase de luns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,60h- en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, co conforme da concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable de data 12/07/2016, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 12/07/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do técnico de Organización e Planificación de RRHH, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación

das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de Cemiterios e actividades funerarias como servizo público esencial no Concello de Vigo, ao estar entre as incluídas como propias no art. 25.2.k) e coma servizo obrigatorio no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

III. Proposta de gasto:

Dacordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de cinco oficiais sepultureiros/as para o Servizo de Cemiterios, supón un gasto de 56.358,00 €, ao que haberá que engadirse a cantidade de 21.303,30 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo.

Segundo consta no informe do técnico de Organización e Planificación de data 15/07/2016, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo dun/dunha praza de Oficial sepultureiro/a, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 21 de outubro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 13 de xaneiro anterior.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos seis aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións

ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Neste intre a referida lista atópase esgotada toda vez que nesta data ningún/ningunha aspirante reúne os requisitos para ser novamente nomeado, ben por estar prestando servizos nesta categoría profesional, por renuncia ou por que aínda non cumpren o período mínimo de seis meses dende que finalizou o último nomeamento por acumulación de tarefas como oficiais sepultureiros, tal e como establece o artigo 10.1.d) do referido R.D. Legislativo 5/2015 (TREBEP).

Non existindo ningún candidato na lista anterior en condicións de ser nomeado, procede recorrer á lista resultante da Bolsa de Emprego de oficiais sepultureiros/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 08/07/2016 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión do 01/04/2016, expte. 27424/220.

Xa que logo e, dacordo co informado polo técnico de Organización e Planificación en data 15/07/2016, seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como oficiais sepultureiros/as por acumulación de tarefas, dos aspirantes da lista a que se refire o anterior parágrafo, núms. 5-FERNANDO REY GÓMEZ, con DNI 76.991.327-T, 7-MIGUEL ANGEL RODRÍGUEZ CID, con DNI 36.142.501-W, 10-JOSE LUIS VÁZQUEZ CASTRO, con DNI 53.173.740-V, 11-TOMAS ALONSO VIDAL, con DNI 36.064.038-S e, 12-ROI MARCOS FERNÁNDEZ, con DNI 53.190.364-N, que aceptaron expresamente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da titular da Asesoría Xurídica e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de cinco funcionario/a/s interino/a/s por acumulación de tarefas, como Oficiais Sepultureiro/a/s, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, contida no escrito do 12/07/2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 56.358,00 €, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos nos informes técnicos, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a/s interino/a/s por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, de conformidade co informe do técnico de Organización e Planificación de data 15/07/2016, aos aspirantes que figuran nas listas nas posicións núms.

5-FERNANDO REY GÓMEZ, con DNI 76.991.327-T, 7-MIGUEL ANGEL RODRÍGUEZ CID, con DNI 36.142.501-W, 10-JOSE LUIS VÁZQUEZ CASTRO, con DNI 53.173.740-V, 11-TOMAS ALONSO VIDAL, con DNI 36.064.038-S e, 12-ROI MARCOS FERNÁNDEZ, con DNI 53.190.364-N, na súa condición de seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios e que figuran na lista resultante da Bolsa de Emprego de oficiais sepultureiros/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08/07/2016 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 01/04/2016, expte. 27424/220.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 205, Oficial sepultureiro/a, sendo adscrito ao Servizo de Cemiterios (cód. 303), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas-, en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, ao servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(753).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DUN OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS CON CARGO A PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NA OPEP 2012. EXPTE. 28199/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do 12/07/16, da técnica de Admón. Xeral de RR HH, conformado pola titular da Asesoría Xurídica e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal; fiscalizado de conformidade con data 14/07/16, que di o seguinte:

“O tribunal cualificador encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión dunha praza de Oficial de Instalacións Municipais por promoción interna correspondente á Oferta de Emprego Público do 2012 (en réxime laboral, equiparada ao subgrupo C2 de titulación), na súa sesión de data 28/06/2016, acordou propoñer ao órgano competente a contratación coma empregado público laboral fixo, con cargo á praza convocada de oficial de instalacións, a don José Enrique Alonso Iglesias, con DNI 36.159.274-P, por superar todos os exercicios e acadar a puntuación máis alta, cun total de 16,825 puntos.

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 29/06/2016, sen que conste presentada ningunha reclamación no prazo de tres días outorgado a tal efecto.

Examinado o expediente persoal do aspirante proposto consta a titulación esixida para tomar parte nas probas selectivas para acceder á praza de Oficial de Instalacións Municipais prevista nas bases do referido proceso selectivo.

Xa que logo e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015, coa conformidade da Titular da Asesoría Xurídica e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Contratar coma empregado público laboral fixo, con cargo á praza convocada de Oficial de Instalacións Municipais, a don José Enrique Alonso Iglesias, con DNI 36.159.274-P, por superar todos os exercicios e acadar a puntuación máis alta, cun total de 16,825 puntos.

A presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberá asinar o aspirante proposto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao intereado, á Área de Servizos Xerais e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(754).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE CINCO AUXILIARES ADMINISTRATIVOS, CON CARGO A PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NA OPEP 2012.EXPTE. 28379/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/07/16, dáse conta do informe-proposta do 18/07/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola técnica de Admon. Xeral de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

O tribunal cualificador encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade cinco prazas de auxiliar de administración xeral pola quenda de promoción interna, reservada unha delas pola quenda de discapacidade, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao anos 2012, na súa sesión de 7 de xullo de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento dos/as seguintes aspirantes seleccionados/as, que superaron todas as probas do proceso selectivo:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
GONZÁLEZ PEINADO	MARÍA DE LOS ÁNGELES	36.091.980-N	31,968
AMOEDO CABALEIRO	JOSÉ LUIS	77.002.734-E	31,721
DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ	CRISTINA	44.469.670-K	30,765
OCAMPO CARRACELAS	VANESA	36.172.470-W	30,754
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	MARÍA ISABEL	36.062.801-C	30,624

O/as aspirantes propostas presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En execución do anterior e, de conformidade co previsto no artº 127.1 g) e h), da Lei 7/1985, reguladora de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, o funcionario que subscribe, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Nomear funcionario/as de carreira, con cargo a prazas vacantes de auxiliar de administración xeral pola quenda de promoción interna, ao/ás seguintes aspirantes proposto/as polo tribunal cualificador, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición e que obtiveron as seguintes puntuacións:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
GONZÁLEZ PEINADO	MARÍA DE LOS ÁNGELES	36.091.980-N	31,968
AMOEDO CABALEIRO	JOSÉ LUIS	77.002.734-E	31,721
DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ	CRISTINA	44.469.670-K	30,765
OCAMPO CARRACELAS	VANESA	36.172.470-W	30,754
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	MARÍA ISABEL	36.062.801-C	30,624

De conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria, os presentes nomeamentos unicamente terán efectos coa formalización da toma de posesión como funcionarios/as de carreira, que deberán realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese aos/as interesados/as, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (organización e planificación, negociado de seguridade social e inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal e xefe/a do servizo ao que se adscriba a praza”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.